



**ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE
SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN,
INVESTIGACIÓN E DIVULGACIÓN EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS
LABORAIS E SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL**

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria en virtude do nomeamento polo Decreto 124/2015, do 4 de outubro, e presidente do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (en adiante ISSGA), consonte ao disposto no artigo 8 dos estatutos do Instituto, aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, que ten a competencia para a sinatura do presente acordo de conformidade co establecido no artigo 9 dos estatutos.

Doutra, o Reitor Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 62/2014, do 28 de maio (DOG 4/06/2014), do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, do 12 de abril, e o Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente **Acordo Marco de Colaboración**, e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O ISSGA, organismo autónomo que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 14/2007, do 30 de outubro, polo que se crea a regula, ten entre as súas funcións as relativas á formación, información e investigación en relación coa seguridade e saúde laboral, así como a



colaborar e cooperar en materia de prevención de riscos laborais con outras administracións públicas, entidades públicas e privadas e corporacións locais.

SEGUNDO.- A Universidade de Santiago de Compostela é unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que goza de autonomía, de acordo cos seus estatutos e no marco da lexislación vixente.

A Universidade de Santiago de Compostela, a través do Servizo de Prevención de Riscos e do Servizo de Vixilancia da Saúde, desenvolve distintas actividades encamiñadas a fomentar a prevención de riscos laborais no eido desta entidade. Asemade, no Campus de Lugo, a Facultade de Ciencias desenvolve distintas actividades encamiñadas, entre outras, á formación de profesionais do eido da seguridade e saúde laboral, ofertando en concreto un Mestrado universitario en prevención de riscos laborais e saúde medioambiental.

TERCEIRO.- A Estratexia Galega de Seguridade e Saúde Laboral 2016-2020 constitúe o instrumento para establecer o marco xeral das políticas de prevención a curto e, sobre todo, medio e longo prazo. Entre os seus obxectivos está o de integrar a prevención de riscos laborais de forma transversal no sistema educativo en xeral e no ensino universitario en particular, así como o de fortalecer a implicación das institucións e de todos os actores na mellora da seguridade e saúde no traballo a través, entre outros instrumentos, da sinatura de acordos e convenios de colaboración con outras administracións e institucións, coa finalidade de promover a corresponsabilidade social e institucional na prevención de riscos laborais; e o de mellorar o nivel de coñecemento, análise e investigación en materia de seguridade e saúde laboral, co fin de deseñar políticas cada vez máis efectivas no eido da prevención de riscos laborais.

Ao abeiro dos obxectivos que se recollen nesta Estratexia, para o ano 2016 aprobouse o Plan de actuación do ISSGA no que se recollen as principais liñas de traballo e a actuación do Instituto para este ano, entre as que destacan as relativas á colaboración con outras entidades para a formación, información, asesoramento técnico e promoción da cultura preventiva no ámbito laboral.



CUARTO.- Ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións o establecemento dun marco de colaboración que permita promover e coordinar actividades conxuntas mediante a actuación do ISSGA e da Universidade de Santiago de Compostela en proxectos de interese común a través do presente acordo.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas as dúas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un acordo marco de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste acordo entre o ISSGA e a Universidade de Santiago de Compostela é o establecemento dun marco de colaboración para o desenvolvemento de actuacións de formación, divulgación e investigación en materia de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde laboral, en orde á mellora das condicións de seguridade e saúde no traballo, a redución dos riscos laborais, a investigación e o fomento de novas formas de protección e promoción de estruturas eficaces de prevención.

SEGUNDA.- Actuacións

O ISSGA e a Universidade de Santiago de Compostela, en virtude do disposto neste acordo, poderán colaborar en actividades relacionadas coa seguridade e saúde laboral.

As modalidades de colaboración poderán consistir, de forma non exhaustiva, en:

- a) A colaboración no desenvolvemento de actividades académicas, científicas ou doutra índole en materia de prevención de riscos laborais.
- b) A cooperación na divulgación e difusión da cultura preventiva, así como nas accións de formación derivadas daquelas.
- c) A realización de accións de concienciación e difusión en materia de prevención de riscos laborais.



- d) Mantemento dunha información compartida, constante e actualizada, do estado e evolución das condicións de seguridade e saúde no traballo.
- e) A proposición de recomendacións, solucións preventivas e elementos de divulgación e apoio técnico preventivo.
- f) Intercambio de información en materia de seguridade e saúde laboral cando esta revista especial interese para a prevención de riscos laborais.
- g) A cooperación e o asesoramento mutuo mediante a achega dos coñecementos e experiencias técnicas en cuestións relacionadas coas actividades que as dúas entidades decidan desenvolver en materia de seguridade e saúde laboral.
- h) A participación en actividades, proxectos e programas de investigación e desenvolvemento.
- i) A colaboración na edición conxunta de publicacións e documentos de traballo que de común acordo se decida desenvolver no eido da prevención de riscos laborais e saúde laboral.
- j) A participación en actividades de promoción da cultura da prevención e de difusión de boas prácticas, especialmente aquelas que utilicen as novas tecnoloxías da comunicación e a información.
- k) Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades das partes e das actividades que constitúen o obxecto do presente acordo marco.

TERCEIRA.- Ausencia de relación laboral

A subscrición do presente acordo marco non implicará relación laboral, contratual ou de calquera outro tipo cos profesionais que realicen as actividades obxecto deste acordo e o ISSGA.

CUARTA.- Orzamento

A sinatura deste acordo non implica gasto para o ISSGA nin para a Universidade de Santiago de Compostela. As achegas económicas das partes que se xere a colaboración, no seu caso, serán avaliadas e acordadas para cada un dos convenios específicos en que esta se concrete.



QUINTA.- Contido dos convenios específicos

Cada proxecto e/ou programa de actuación que se desenvolva no marco deste acordo poderá ser obxecto dun convenio específico que deberá conter, entre outros, os seguintes aspectos:

- Definición do obxectivo que se persegue, e xustificación da súa necesidade.
- Descrición do plan de traballo, que incluíra as distintas fases do mesmo e a cronoloxía do seu desenvolvemento, así como os compromisos das partes no seu desenvolvemento e execución.
- Orzamento total, se procede, con especificación dos medios materiais e humanos que requira o citado programa, especificando as achegas de cada entidade.
- Normas para a coordinación, execución e seguimento do proxecto.
- Nomes das persoas, unha por cada parte, que se designaran por mutuo acordo e que se responsabilizarán da marcha do convenio.
- Prazo de vixencia, entrada en vigor, posibilidade de prórrogas, e forma e prazo de denuncia.
- Calquera outro aspecto que proceda contemplar en función das actuacións específicas que constitúan o obxecto do convenio.

SEXTA.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste acordo marco de colaboración establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente acordo.

Nesta comisión actuarán como representantes por parte do ISSGA, o/a Xerente e unha das persoas que ocupen as subdireccións xerais, ou persoas en quen deleguen; e por parte da Universidade de Santiago de Compostela, o Vicerreitor de Comunicación e Coordinación e o Coordinador do Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións desta Comisión de seguimento:



1. Velar polo cumprimento do acordo.
2. Impulsar e desenvolver o acordo.
3. Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do presente acordo.
4. Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
5. Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

A comisión reunirse coa frecuencia que determinen os seus membros e a ela poderán ser convocados aqueles técnicos que, con carácter asesor, designen as partes.

SÉTIMA.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste acordo, son titularidade conxunta do ISSGA e da Universidade de Santiago de Compostela.

As partes precisan a autorización expresa da outra para proceder á edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato o soporte, do resultado e dos materiais froito do desenvolvemento do proxecto.

Calquera que sexa o modo de difusión, respectarase sempre a mención dos/as autores/as do traballo. No caso de patentes, estes/as figurarán na calidade de inventores/as. En calquera caso, farase sempre referencia especial a este acordo marco e, no seu caso, ao convenio específico de aplicación.

Na difusión de todas as accións que se poñan en marcha para o desenvolvemento do presente acordo (publicidade, comunicación, información, folletos, etc.) figurará, de forma expresa, o logotipo do ISSGA e da Universidade de Santiago de Compostela.

OITAVA.- Protección de datos

Ambas as dúas partes quedan obrigadas ao cumprimento do establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), especialmente do previsto no seu artigo 12, así como ao establecido no Real decreto



1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da LOPD.

NOVENA.- Modificación e resolución do acordo marco

As partes poderán modificar o presente acordo por mutuo acordo cando resulte necesario para a mellor realización do seu obxecto, mediante un acordo de modificación que requirirá a sinatura dun novo instrumento xurídico.

Son causas de resolución do presente acordo:

- a) O incumprimento por calquera das partes das súas cláusulas.
- b) A alteración substancial das condicións que propiciaron a súa celebración.
- c) A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste acordo marco por causas non imputables ás partes.
- d) O mutuo acordo.

En caso de extinción ou resolución do acordo marco, calquera que fose a súa causa, as actuacións ás que ven referido o seu texto, e que no momento da resolución ou extinción se atoparan en curso de realización, continuarán o seu desenvolvemento ata a súa finalización.

DÉCIMA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

O presente acordo ten natureza administrativa e rexerase pola lexislación administrativa aplicable e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Os conflitos e controversias que puidesen formularse sobre a interpretación e a execución do presente acordo, deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes a través da Comisión Mixta de Seguimento. De non alcanzarse tal acordo, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do presente acordo marco de colaboración, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.



UNDÉCIMA.- Vixencia

O presente acordo marco estenderá a súa vixencia desde a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro de 2020, data de vixencia da Estratexia Galega de Seguridade e Saúde no Traballo 2016-2020.

Así mesmo, poderá ser obxecto de prórroga, por novas anualidades, salvo denuncia expresa por algunha das partes, que deberá comunicala cunha antelación mínima dun mes antes do seu vencemento o do vencemento das prórrogas. Non obstante, a prórroga será preciso formalizala expresamente.

Este acordo de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Polo Instituto Galego de Seguridade
e Saúde Laboral

Pola Universidade de Santiago de
Compostela

O Conselleiro de Economía, Emprego e
Industria e Presidente do ISSGA

O Reitor